



EDITORIAL

Informe sobre o estado da investigación educativa en Galicia (2002-2014)

Como noutros ámbitos de actividade científica e académica, a investigación nas ciencias sociais e, concretamente, nas da educación, estivo sempre envolta en polémicas e controversias, reflectindo certas filias e fobias epistémicas nos círculos de influencia universitaria, que teñen sido e son os que, de maneira máis notoria, intentan promover as ideas e os métodos que fagan posible o avance sistemático nesta gran área do coñecemento humano.

As discrepancias que referimos teñen a súa xenealoxía e a súa historia, actualizándose ao modo dialéctico en que as persoas e os grupos de investigación adoitan expresar a súas preferencias -máis ou menos disimuladas- por modelos e/ou paradigmas e, conseguintemente, deseños cuantitativos vs. cualitativos, á hora de identificar problemas e dispoñer a metodoloxía apropiada para desentrañar os seus secretos e propor as canles de solución oportunas, xa se trate de dificultades ou retos que afectan a individuos, a centros escolares, ou a outro tipo de escenarios educativos.

Aínda así, esa predilección é, con frecuencia, máis aparente que real, na medida en que abundan os recoñecementos (desde unha e outra atalaia de observación) dunha necesidade substantiva, a de triangular ou, si se prefire, fusionar modos de facer investigación educativa, baixo a premisa de que o funcionalmente importante é a calidade dos proxectos, o rigor co que se formulan e a pertinencia coa que se desenvolve a secuencia de indagación.

Tal situación é, en xeral, a que se foi debuxando no noso contorno sociocultural máis próximo, isto é, a investigación educativa que se vén realizando en Galicia, a miúdo dentro pero tamén fóra das súas universidades. E porque hai boa traxectoria hai desexos de difundila, que é unha forma de reforzar na esfera da sociedade civil o seu potencial de mellora de todo canto afecta á aprendizaxe e ao desenvolvemento de posibilidades para a cidadanía.

Como razoamento sintético, é suficiente para dicir que a Rede RIES e os sete grupos que a conforman na USC, a UDC e a UVigo, decidiron poñer mentes e mans á obra para renovar o INFORME, de cuxa última edición se cumpriu xa unha década. Por aquel entón, co patrocinio da Xunta de Galicia, recollíase e escrutábase o realizado desde 1989 a 2001. Agora, propoñémonos someter a exame "A Investigación Educativa en Galicia (2002-2014)".

A ese efecto configuramos un gran Equipo de Investigación, cohesionado en torno a áreas de traballo e normas comúns de elaboración, grazas á xenerosa colaboración de especialistas nas parcelas sobre as que podemos representar a maior parte do saber pedagóxico.

A nosa intención é que a mediados de xullo deste mesmo 2015 podamos reunir todas as contribucións para a súa consistente integración e previsibles arranxos de edición, que proxectamos ter finalizada a finais de ano ou, como máximo, a principios de 2016.

Unha sociedade progresiva se ten a sorte de contar con cidadáns que demandan respecto e apoio para a investigación. No caso da que nos é propia, tamén é de gran axuda a complicitade de profesores e outros profesionais da educación, ademais das familias. Sería un magnífico sinal que en Galicia se aproveitase máis o valor engadido que procuran varios centenares de mulleres e homes que fan investigación educativa a un nivel que admite comparacións.

Miguel A. Santos Rego
Coordinador da Rede RIES

SUMARIO

PÁXINA 1

Editorial

PÁXINA 2

Entrevista

PÁXINA 5

Experiencia Investigadora

PÁXINA 12

Experiencia Educativa

PÁXINA 15

Accións da Rede RIES

PÁXINA 18

Próximas accións da Rede RIES

PÁXINA 19

Próximos Congresos

PÁXINA 21

Novidades Editoriais

PÁXINA 23

Novidades Legislativas



ENTREVISTA: CARMEN FERNÁNDEZ MORANTE

Decana da Facultade de Ciencias da Educación (USC)

Cales foron as razóns principais polas que decidiu afrontar este novo reto?

Decidín dar o paso por tres razóns poderosas: a primeira pensando no momento delicado e crítico no que nos atopamos como comunidade educativa, unha conxuntura de esvaecemento e retroceso do sistema educativo derivada dunhas políticas claramente antisociais. Entendo que a Universidade desempeña unha función social clave e penso que as facultades de Ciencias da Educación debemos ser referentes na defensa do ensino público e da cultura cun discurso firme e fundamentado e promover sinerxías entre os distintos axentes educativos. Por outra parte, se pensamos na Facultade, non só no sistema educativo en xeral, atravesamos unha etapa decisiva na que debido á intensidade de xubilacións no centro debemos afrontar activamente o proceso de relevo xeracional. É imprescindible manter e mellorar o posicionamento da nosa Facultade no Sistema Universitario de Galicia e no Sistema Universitario Español. Estes catro anos hai que aproveitálos para atesourar a bagaxe profesional e institucional que temos e abordar como obxectivo prioritario o relevo no cadro de profesores e PAS.

Outra das razóns que me motivaron é o convencemento de que a xestión e o liderado son aspectos inherentes á profesión universitaria que todas/os debemos asumir en maior ou menor intensidade e que non son un fin en si mesmo senón un escenario máis -acoutado temporalmente- no exercicio da profesión. E aínda que custe entendelo ou crelo nos tempos de individualismo, competitividade, dificultade e conflitividade crecente que temos, as ganas de traballar polo futuro desta Facultade, que en definitiva é o futuro dos que aquí traballamos, das xeracións vindeiras de mestras/os, profesoras/es, educadoras/es, pedagogas/os e do sistema educativo galego.

Esperamos movementos eficaces desde o goberno da USC



Carme Fernández Morante

A terceira razón que me levou a dar o paso é a experiencia de xestión previa do equipo que integra esta candidatura e que entendía, e hoxe véxoo claramente no día a día, era de gran utilidade para todo o centro nun momento como este. O equipo de profesoras e profesores que compón esta candidatura conta con experiencia previa nos ámbitos de xestión académica e profesorado, de verificación, seguimento e coordinación de títulos, prácticas, de xestión de medios, recursos, infraestruturas e servizos académicos e tamén de xestión de actividades de extensión cultural, programas de intercambio e mobilidade de estudantes. Esta experiencia previa e complementaria ao servizo dun proxecto común de centro permite abordar desde unha visión anticipativa e con garantías os retos que se nos presentan.

Carme Fernández Morante (Bilbao, 1971), actualmente é Decana da Facultade de Ciencias da Educación. É licenciada con Grao en Filosofía e Ciencias da Educación, pola USC en 1995. Doutora en Ciencias da Educación pola mesma universidade en 2002 con Premio Extraordinario de Doutoramento. É Profesora Titular do Dpto. de Didáctica e Organización Escolar na USC, da que foi Vicerreitora de Titulacións e Persoal Docente e Investigador entre 2010 e 2013. As súas principais liñas de investigación vincúlanse á Tecnoloxía Educativa, onde desenvolveu diversos proxectos nacionais e internacionais.

Cales son os seus obxectivos para estes catro anos?

Oriéntannos 6 grandes liñas de actuación con medidas concretas:

1. Mellorar a proxección exterior, visibilidade institucional e vinculación cos axentes educativos e sociais.
2. Impulsar o liderado da USC nas titulacións de Ciencias da Educación no SUG: mellora da docencia, renovación de acreditacións e consolidación da oferta de posgrao.
3. Acompañar, dinamizar e fidelizar ao alumnado.
4. Apoiar aos departamentos e unidades administrativas no desenvolvemento das súas funcións e especialmente no relevo do cadro de PDI e PAS do centro.

ENTREVISTA: CARMEN FERNÁNDEZ MORANTE

Decana da Facultade de Ciencias da Educación (USC)

5. Desenvolver unha política científica e de apoio aos grupos de investigación e ao profesorado novel.
6. Promover a cohesión, convivencia e integración real do noso centro en base aos recursos e potencialidades complementarias que temos.

Que espera cambiar para un mellor funcionamento da Facultade de Ciencias da Educación?

A Facultade actualmente está sufrindo de forma moi intensa a falta de recursos humanos e o deterioro das infraestruturas, especialmente no Campus Norte, e isto afecta moi directamente a todo o seu funcionamento deteriorando o servizo que ofrecemos á sociedade. Agardamos contar co apoio institucional para garantir un cadro de PDI e PAS adecuado ao volume de traballo docente, investigador e de xestión que se fai neste centro e que nestes momentos é completamente insuficiente. Tamén esperamos movementos eficaces desde o goberno da USC que nos permitan unificarnos nun mesmo edificio adecuado á nosa

actividade e necesidades. Internamente, hai moitas cuestións que nos afectan e que está na nosa man mellorar, como por exemplo a participación do alumnado nos órganos de goberno do centro, a atracción de axentes educativos e outros profesionais que colaboran con nós, o seguimento dos egresados e unha maior comunicación co tecido produtivo e os empregadores/as, o establecemento de protocolos e criterios para a distribución e optimización dos espazos, a información puntual e toma de decisións colexiadas sobre os aspectos críticos do centro: titulacións, recursos, problemáticas xerais da institución ... ou a abordaxe das problemáticas do centro máis urxentes de forma colexiada e con visión e dirección compartida (precariedade do persoal, sobrecarga docente, conflitos, etc.)

Como está afectando a crise económica á Universidade galega en xeral e á USC en particular?

A crise económica así como as medidas orientadas a debilitar o sistema educativo público que se están poñendo en marcha nos últimos anos

están afogando á USC e comprometendo a súa viabilidade e o seu futuro especialmente en centros como este. Unha diminución drástica de recursos que fai inviable manter a calidade mínima en todos os servizos, un cambio normativo constante e non baseado en evidencias que excede ao PDI e ao PAS desviándonos das nosas funcións principais, que son impartir unha docencia de calidade, producir coñecemento científico e solucións tecnolóxicas que podan mellorar a sociedade e xestionar de forma próxima e eficaz para os nosos usuarios. Esta situación é perfectamente aplicable ás tres universidades públicas do SUG, coa particularidade de que a USC, pola súa traxectoria histórica, patrimonio e avellentamento, sófrea con maior intensidade sen dúbida.

Que análise pode facer do sistema universitario galego?

Neste momento está moi deteriorado. O enfoque de goberno do SUG dos últimos anos (xa non falo só de financiamento e falta de autonomía) provocou un desencontro constante entre as tres universidades ás que se somete a unha competitividade nada construtiva a cambio de conseguir menos financiamento. A redución de ingresos, sumada a unha política de escasa visión e aprecio polas universidades públicas, está conducindo a un desencontro e unha desconfianza constante. As universidades do SUG atópanse actualmente nunha encrucillada moi complexa na que o crecemento ou os éxitos dunha implican o deterioro ou demérito da outra en lugar de promover a súa complementariedade e excelencia. Isto non é admisible e conduce ao deterioro do SUG.



Acto de toma de posesión. Equipo decanal da Facultade de CC. da Educación

ENTREVISTA: CARMEN FERNÁNDEZ MORANTE*Decana da Facultade de Ciencias da Educación (USC)*

Como ve vostede a vinculación da Universidade galega cos centros educativos e a sociedade civil?

Como sinalaba ao principio, entre os nosos obxectivos como equipo decanal, a Universidade e, en concreto, a Facultade de Ciencias da Educación, cumpre unha función social e non é posible desempeñar as súas funcións sen tomar como referencia á sociedade civil e aos centros educativos. A nosa Facultade debe caracterizarse por ser un punto de referencia para os profesionais da educación e as asociacións civís e, por tanto, contar e traballar con eles na investigación e no deseño da formación dos futuros profesionais.

Que imaxe ten Santiago da súa Universidade?

Santiago cidade e cidadáns miran á USC con orgullo e recoñecemento, por desgraza non así os seus políticos. Empresarios, comerciantes, maiores, familias ... depositan a súa confianza na USC, á que envían aos seus fillos, da que demandan cultura e formación, por exemplo a través do Cuarto Ciclo ou das actividades de extensión universitaria, coidan aos estudantes que residen todo o curso na cidade e que son tamén motor económico para Compostela ... Temos ilustres cidadáns formados na USC e que residen en Compostela ou en calquera lugar do mundo e diso sentímonos e os composteláns séntense orgullosos.

“A nosa Facultade debe caracterizarse por ser un punto de referencia para os profesionais da educación e as asociacións civís”

EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Relación entre deberes escolares e rendemento académico: unha perspectiva multinivel e lonxitudinal

ANTECEDENTES E ESTADO ACTUAL

A relevancia social e educativa da temática do proxecto vén marcada polo gran número de debates xurdidos nos últimos anos desde distintos frontes e na maior parte dos países do noso contorno, incluído o noso, sobre a conveniencia ou non de prescribir deberes escolares aos estudantes. Nalgúns países como Francia e Bélxica a polémica foi tan pronunciada que levou a que os pais e nais realizaran unha folga de «lapis caídos» como medida de oposición radical á prescrición de deberes escolares, o que obrigou a que os propios gobernos de ambos países se propuxeran unha prohibición real dos deberes. Pero estas controversias tamén xeraron debates importantes no noso país, onde dúas das principais asociacións de pais e nais de alumnos (CEAPA e CONCAPA) tampouco se poñen de acordo neste asunto, mostrando posturas enfrontadas respecto da conveniencia ou non de prescribir deberes escolares aos estudantes. Sen dúbida que o debate non se reduce a responder á pregunta «deberes, si; deberes, non?», xa que en moitos dos sistemas educativos de diferentes países, o problema dos deberes tamén ten unha abordaxe distinta.

Parece evidente que os deberes escolares son unha das actividades educativas que maiores controversias xerou nos últimos tempos en diferentes sectores educativos. A pesar da existencia de numerosas investigacións sobre os deberes escolares e os seus potenciais

beneficios para a aprendizaxe e rendemento escolar, aínda hoxe non existen uns criterios claros respecto a como, cando e cantos deben ser prescritos e, consecuentemente, a polémica está lonxe de ter unha resposta precisa sobre o grao de utilidade e dos seus efectos sobre a aprendizaxe e o rendemento del alumnado.

A investigación sobre a relación entre os deberes escolares e o rendemento escolar estivo moi centrada en como o tempo empregado polo alumnado na realización das tarefas asignadas (*homework time*) incide no rendemento académico. Os resultados da investigación pasada son pouco claros e, nalgúns casos, incluso contraditorios (Rosário, Mourão, Trigo, Suárez, Fernández e Tuero-Herrero, 2011). De feito, o tempo investido polo alumno ou alumna nos deberes escolares non é en si mesmo unha garantía do seu compromiso na realización das tarefas asignadas (Rosário, Mourão, Núñez e Solano, 2008). É máis, un exceso de tempo empregado na realización das tarefas pode significar, en ocasións, unha baixa competencia cognitiva do alumnado nese ámbito de coñecemento, unha baixa capacidade de autorregulación do ambiente de estudo, de factores de distracción ou de emocións negativas que o desvían da tarefa. Pola contra, ás veces, un escaso tempo empregado na tarefa pode ser sinónimo de elevada competencia neses ámbitos (De Jong, Westerhof e Cremers, 2000; Rosário *et al.*, 2008). Polo tanto, os tempos

prolongados facendo os deberes é máis probable que reflectan problemas de motivación ou problemas de comprensión que sexan un sinal de alto esforzo e motivación do estudante (Trautwein e Köller, 2003; Trautwein, Schnyder, Niggli, Neumann e Lüdtke, 2009). De feito, o esforzo investido nos deberes demostrou ter un impacto máis positivo no rendemento académico que o tempo dedicado aos deberes (Trautwein, Lüdtke, Kastens e Köller, 2006). Ademais, varios estudos que separaron os efectos da asignación e da realización dos deberes (De Jong *et al.*, 2000; Muhlenbruck, Cooper, Nye e Lindsay, 2000; Trautwein, 2007) indican que os estudantes que dedican máis tempo aos deberes non necesariamente obteñen mellores resultados que os seus compañeiros. Unha das variables que parece mediar esta relación é a idade, ou curso, dos estudantes: de modesta a débil entre os estudantes nos cursos altos (Cooper e Valentine, 2001) e ausencia de relación no caso dos estudantes de primaria (Cooper, Lindsay, Nye e Greathouse, 1998). Se ben a relación entre a cantidade de tempo investido nos deberes escolares e a aprendizaxe e rendemento académico non parece clara, no hai dúbidas respecto de que a maior cantidade de deberes maiores beneficia en logro académico. Sen embargo, os axentes sociais implicados (pais e nais, profesorado, centros) parecen necesitar estudos máis contundentes para convencerse desta clara relación.

EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Relación entre deberes escolares e rendemento académico: unha perspectiva multinivel e lonxitudinal

É posible que unha parte das claves deste asunto se atope en como o alumnado maximiza os beneficios do tempo que inviste facendo deberes e a cantidade óptima dos mesmos segundo variables como a idade, materia académica, os coñecementos previos, as habilidades de estudo, a súa motivación e actitude cara á realización dos deberes, etc. En concreto, unha posible explicación da escasa relación entre os deberes e o logro académico é a motivación dos estudantes cara aos deberes (Trautwein, Lüdtke, Schnyder e Niggli, 2006).

A investigación suxire que o tipo de motivación dos estudantes ante unha tarefa relaciónase coa calidade da súa implicación (Ryan e Deci, 2000). Aínda que non hai demasiada investigación sobre o tema, hai algúns indicios de que moitos estudantes participan nos deberes escolares non polo interese ou entusiasmo que lles producen, senón máis ben por outras razóns como, por exemplo, o sentido do deber, o desexo de agradar ou, incluso, pola evitación de castigos (Walker, Hoover-Dempsey, Whetselm e Green, 2004). Con todo, o proveito que o alumno ou alumna obtén da realización de deberes non depende unicamente do tipo de motivación, senón tamén do tipo de estratexias que poñen en marcha durante o proceso de realización deses deberes (por exemplo, predominio dun enfoque superficial de estudo *versus* predominio dun enfoque profundo).

Sen embargo, algunhas das investigacións máis actuais suxiren que o modelo explicativo quedaría incompleto se non se contemplan outras variables externas ao propio alumno ou alumna, pero con indubidable repercusión nel/a e na súa conduta á hora da realización dos

deberes. E este é o caso do papel que desempeñan algunhas variables contextuais, especialmente aquelas referidas ao *feedback* proporcionado polos pais e nais e polo profesorado ante a realización dos deberes. De feito, o apoio e *feedback* dos proxenitores constitúe un factor de gran importancia para a implicación dos seus fillos e fillas na realización dos deberes (Epstein e Van Voorhis, 2001; Hoover-Dempsey *et al.*, 2001). Proporcionar apoio afectivo e emocional animando aos seus fillos/as a implicarse pode contribuír positivamente a mellorar a súa motivación e interese pola realización dos deberes escolares. Pero tamén é importante o *feedback* proporcionado polo profesorado (Núñez *et al.*, 2014; Trautwein, Niggli, Schnyder e Lüdtke, 2009), sobre todo porque é unha forma de que o alumnado perciba a calidade dos seus progresos e axudarlle a superar as dificultades

coas que se atopou ao realizar os deberes.

Para ser eficaz, o *feedback* debe achegar información sobre o progreso conseguido e sobre como actuar no futuro. Proporcionar *feedback* sobre unha tarefa concreta debe incluír información sobre o grao de éxito na súa realización, dando a posibilidade de mellorar e ampliar o coñecemento. Unha visión máis clara destas variables persoais e contextuais e das súas relacións pode observarse en la Figura 1.

HIPÓTESES E OBXETIVOS

Unha das razóns que fan que sexa pertinente esta investigación reside en que as controversias xeradas en torno ás vantaxes ou inconvenientes de prescribir deberes escolares nos diferentes cursos de Primaria, Secundaria e Bacharelato precisan dunha análise seria e



EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Relación entre deberes escolares e rendemento académico: unha perspectiva multinivel e lonxitudinal

rigorosa que permita ter unha visión clara das condicións nas cales os deberes son beneficiosos para o rendemento académico do alumnado e aquelas outras condicións nas que os deberes escolares prexudican o rendemento académico dos estudantes. Por iso, a realización desta investigación proporcionaría información valiosa para, en primeiro lugar, coñecer en que medida o feito de facer ou non facer deberes inflúe na aprendizaxe e no rendemento dos estudantes, así como o poder explicativo que teñen cada unha das variables implicadas en tal relación. Dispoñer deste coñecemento permitiría unha análise rigorosa das principais variables implicadas e a relación concreta entre as mesmas, o cal levaría a formular modelos de relacións causais explicativos, pero parsimoniosos. Á súa vez, dispoñer de tales modelos facilitaría enormemente a planificación de accións de mellora tanto para os procesos de instrución que ocorren dentro da clase como para os propios do contexto familiar.

Co fin de que o proxecto de investigación poda responder ao obxectivo indicado, preténdese levar a cabo este estudo desde dúas perspectivas: transversal e lonxitudinal. En primeiro lugar, propónse a obtención da información sobre as variables mencionadas nun único momento temporal de cada un dos cursos académicos (de 4º de Primaria a 2º de Bacharelato), coa condición de dispoñer de suficientes unidades de análise a dous ou tres niveis: alumnado, aula, centro (máis de 25 centros educativos, con máis de 100 clases, con máis de 3000 alumnos/as). Esta estratexia permitirá analizar os datos desde unha perspectiva multinivel. En segundo lugar, neste proxecto propónse un estudo lonxitudinal co fin de dispor

de información sobre como as relacións entre as variables incluídas no modelo do estudo transversal van cambiando co paso dos anos, que se realizará con alumnas e alumnos de varias clases de 4º de Primaria; comezarase no primeiro ano e seguirase aos estudantes en 5º e en 6º. No seu conxunto, os datos proporcionados polos estudos transversal e lonxitudinal deberían ser suficientes para abordar con garantías as interrogantes que hoxe en día non teñen resposta segura respecto ao tema dos deberes escolares.

A hipótese xeral de partida pode apreciarse no modelo da Figura 1. En canto ao estudo transversal, considérase que o rendemento académico do alumnado atópase significativamente determinado polo seu grao de implicación nos deberes escolares (número de deberes realizados, tempo dedicado a eses deberes, aproveitamento do tempo dedicado aos deberes), sendo dito efecto máis forte a medida que se avanza de curso académico. Á súa vez, a implicación do estudante na realización dos deberes escolares estará moi determinada tanto por variables de natureza motivacional (metas ou tipo de motivación, autoeficacia percibida,...) como de orde cognitivo-comportamental (estratexias de traballo, enfoque de estudo, habilidades de xestión do proceso de estudo,...). Finalmente, estas últimas estarán moi vinculadas coa implicación dos proxenitores (estratexias de control-xestión e soporte motivacional-emocional) e a do profesorado (tipoloxía de deberes prescritos e tipoloxía de *feedback* proporcionado na clase respecto dos deberes prescritos). Así mesmo, hipotetízase que o poder explicativo destas variables dependerá do nivel de estudo realizado (individual, clase,

centros educativos). No referente ao estudo lonxitudinal, concíbese de modo exploratorio.

Baixo estas premisas, os obxectivos xerais do proxecto son:

1. Analizar a relevancia de variables persoais e contextuais vinculadas cos deberes escolares e as súas relacións co rendemento académico do alumnado.
2. Realizar unha análise evolutiva dos cambios nestas variables ao longo do tempo.
3. Elaborar modelos de optimización (escola-familia) da relación entre realización de deberes escolares e aprendizaxe/rendemento académico do alumnado.

Os obxectivos específicos do proxecto son os seguintes:

1. Analizar as relacións entre a implicación do alumnado nos deberes escolares e o rendemento académico nas principais áreas curriculares.
2. Analizar a relación entre a motivación do alumnado para facer os deberes e o seu grao de implicación nos mesmos.
3. Analizar a relación entre a motivación do alumnado para facer os deberes e o tipo de enfoque de aprendizaxe predominante que adoptan á hora de realizar eses deberes.
4. Coñecer a incidencia que ten o *feedback* de proxenitores e profesorado na motivación e o tipo de enfoque do alumnado á hora de enfrontarse aos deberes.
5. Comprobar o grao de estabilidade ou de cambio que se produce nestas relacións desde os últimos cursos de Educación Primaria ata Bacharelato.

EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Relación entre deberes escolares e rendemento académico: unha perspectiva multinivel e lonxitudinal

6. Coñecer o poder explicativo que teñen as variables persoais do alumnado e do grupo-clase sobre a implicación nos deberes escolares.
7. Coñecer os cambios individuais en distintos momentos temporais que se producen nas variables vinculadas cos deberes escolares desde 4º a 6º curso de Educación Primaria.
8. Elaborar un protocolo de recomendacións en torno á prescrición de deberes escolares, dirixido tanto aos pais e nais como ao profesorado e tamén ás diferentes administracións educativas.

MARCO METODOLÓXICO: DESEÑO, PARTICIPANTES, VARIABLES E INSTRUMENTOS DE MEDIDA

Nesta investigación os datos recolleranse en base a dous deseños: transversal e lonxitudinal. No primeiro obxectivo xeral sinalouse a busca de información sobre como diferentes variables (do alumnado e do contexto) relativas aos deberes escolares, interaccionando entre si, predín o rendemento académico do alumnado desde 4º de Primaria ata 2º de Bacharelato. Para iso elaborouse un modelo teórico no que se explica como o rendemento académico é parcialmente explicado pola implicación dos estudantes nos deberes escolares; que esta depende tamén parcialmente do tipo de motivación e dos recursos e habilidades de estudo dos estudantes; e que tanto a motivación como o uso de habilidades de estudo están, tamén parcialmente, determinadas tanto pola implicación dos proxenitores como pola conduta do profesorado. Para lograr isto, establécese un deseño de recollida de datos de tipo

transversal, o cal implica que se recollerán datos das variables do modelo nun momento temporal (segundo trimestre do primeiro ano do proxecto) en cada un dos 9 cursos que abarca esta investigación (4º, 5º e 6º de Primaria; 1º a 4º de ESO; e 1º e 2º de Bacharelato).

Sen embargo, tendo en conta o obxectivo da segunda parte do proxecto, o deseño da investigación é de tipo lonxitudinal con medidas repetidas das variables obxecto de estudo. Trátase, por tanto, de examinar os cambios que se producen, ao longo do tempo, na mesma mostra de suxeitos e constatar as diferenzas interindividuais nos cambios intraindividuais. As medidas das variables está previsto realizalas en tres ocasións (unha en cada un dos tres últimos cursos de Primaria).

Dado que o noso interese no estudo transversal radica en coñecer os efectos das variables que acontecen a cada nivel (alumnado, clase, centro), obtéranse datos dun número suficiente de unidades de cada nivel para realizar análises a diferentes niveis. En concreto, estímase que o número de unidades mínimo de cada unidade, para realizar análises a diferentes niveis, é de 30 (Maas e Hox, 2005; Vallejo, Tuero, Núñez e Rosário, 2014). Entón, seleccionáronse aleatoriamente 30 centros educativos, dos que serán tomados datos de 4 aulas de cada centro (120 aulas), e de todo o alumnado de cada aula (sobre 3000 alumnos/as). Non obstante, de cara a que o efecto do deseño non sexa demasiado elevado, á hora da realización das análises multinivel serán seleccionados, ao azar, 15 alumnos/as de cada unha das clases.

En canto aos participantes no estudo lonxitudinal, serán aqueles estudantes, cos seus profesores/as e

os seus pais e nais, de 4º de Primaria que foron avaliados para o estudo transversal. Aproximadamente, son 13 clases (sobre 300 alumnos/as) que serán avaliadas en 4º, en 5º e en 6º (e nos cursos seguintes máis alá deste proxecto).

As variables a medir son as incluídas na Figura 1. Todas as variables relativas aos deberes son avaliadas a través de ítems que xa foron utilizados en investigacións previas doutros autores internacionais e que se mostraron fiables en estudos realizados por algúns dos membros deste equipo de investigación (por exemplo, Núñez *et al.*, 2013; Núñez *et al.*, 2014; Valle *et al.*, en prensa), utilizando os instrumentos que a continuación se describen.

a) Alumnado:

- Metas académicas. Cuestionario para a Avaliación de Metas Académicas en Secundaria (CEMA-II), elaborado por Núñez, González-Pienda, González-Pumariega, García e Roces (1997). Permite avaliar as metas ou as razóns polas cales o alumnado se implica ou non no proceso de aprendizaxe.
- Motivación para realizar os deberes escolares. Escala de doce ítems referidos aos diferentes motivos que ten o estudante para realizar os deberes escolares. A escala de resposta oscila desde 1 (totalmente falso) a 5 (totalmente certo).
- Interese. A través de catro ítems nos que se mide o grao de interese pola realización dos deberes escolares. A escala de resposta oscila desde 1

EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Relación entre deberes escolares e rendemento académico: unha perspectiva multinivel e lonxitudinal

- (totalmente falso) ata 5 (totalmente certo).
 - Ansiedade. Mediante catro ítems nos que se mide o grao de ansiedade que provoca no alumnado a realización dos deberes escolares. A escala de resposta oscila desde 1 (totalmente falso) ata 5 (totalmente certo).
 - Actitude. Avaliase, mediante catro ítems, a actitude, máis ou menos positiva, que ten o alumnado cara aos deberes escolares. A escala de resposta oscila desde 1 (totalmente falso) ata 5 (totalmente certo)
 - *Feedback* percibido do profesorado. A través de nove ítems nos que se mide a valoración e o seguimento que fai o profesorado dos deberes escolares. A escala de resposta oscila desde 1 (totalmente falso) ata 5 (totalmente certo).
 - *Feedback* percibido dos proxenitores. A través de dez ítems nos que se mide o grao de implicación e seguimento que fan os pais e nais na realización dos deberes escolares. A escala de resposta oscila desde 1 (totalmente falso) at 5 (totalmente certo)
 - Tempo investido nos deberes escolares. Valórase o tempo investido en realizar os deberes, operacionalizándoo en tres categorías: (1) empreguei menos de 15 minutos; (2) empreguei entre 15 e 30 minutos; (3) empreguei máis de 30 minutos.
 - Número de deberes escolares realizados. Preténdese coñecer o número de deberes escolares que realiza o alumnado dos que prescribe o profesorado.
 - Aproveitamento do tempo dedicado aos deberes escolares. Valórase mediante a estimación persoal do grao de aproveitamento do tempo ao facer os deberes. A escala de resposta vai desde de 1 (moi pouco) ata 5 (moitísimo).
 - Rendemento académico. Obterase mediante as cualificacións académicas finais dos alumnos participantes no estudo.
- b) Pais e nais:
- A través dun cuestionario solicitaráselle aos pais e nais que respondan sobre diferentes aspectos relacionados cos deberes escolares e a maneira en que eles e os seus fillos e fillas afrontan a realización dos mesmos.
- c) Profesorado:
- Solicitarase ao profesorado que achegue a seguinte información de cada estudante respecto aos deberes escolares: a) se fan ou non os deberes (%), b) se consideran que a súa realización reporta beneficio para ese alumno, e c) se xeralmente traen ben feitos os deberes.

ANALISE DE DATOS

Nunha primeira parte da investigación e tendo en conta a natureza xerárquica dos datos, estes serán analizados mediante un modelo xerárquico de dous ou tres niveis: nivel 1 (variables persoais do alumnado relacionadas cos deberes escolares), nivel 2 (variables vinculadas co grupo-clase ao que pertence o alumnado), nivel 3 (tipo de centro no que estuda o alumnado e ensina o profesorado).

O proceso de modelado estatístico será levado a cabo en catro etapas. Inicialmente formularase un modelo ANOVA de efectos aleatorios ou modelo incondicional, o cal permite coñecer a cantidade de varianza que puidera explicarse a nivel individual (nivel 1), a nivel de clase (nivel 2), e se fora posible tamén a nivel de centro (nivel 3). Ademais, servirá como referente para avaliar a bondade de axuste de modelos condicionais máis complexos. Unha vez realizado este primeiro paso, axustarase o modelo correspondente ao nivel 2 (nivel de clase), ou nivel 3 (nivel de centro), co fin de coñecer en que medida as variables de clase explican o rendemento dos estudantes. Seguidamente, axustarase o modelo correspondente ás variables do alumno (nivel individual), co fin de observar o grao en que as variables do alumno predín o rendemento académico. Finalmente, procederase ao estudo da interacción entre ambos modelos (individual e nivel de clase), ou dos tres niveis se fora posible, ao obxecto de estimar o grao de interacción existente entre variables dos diferentes niveis.

EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Relación entre deberes escolares e rendemento académico: unha perspectiva multinivel e lonxitudinal

En tas as análises realizadas, a variable dependente será a cualificación obtida ao finalizar o curso predita por un conxunto de variables incluídas na Figura 1. As análises multinivel serán realizadas mediante o programa Mplus.

Nunha segunda parte da investigación, na que se realiza unha análise evolutiva dos cambios nas variables vinculadas cos deberes ao longo do tempo e dado que se trata dun deseño de tipo lonxitudinal con medidas repetidas das variables obxecto de estudo (aínda que nunha mostra máis reducida), realizarase varios ANOVAs de medidas repetidas. Este tipo de análises de varianza permite a comparación das observacións (variables medidas) entre os intervalos de tempo. Ademais, dado que algunhas das observacións medidas é moi probable que estean correlacionadas, tamén se recorrerá ao MANOVA de medidas repetidas.

Respecto ás contribucións esperables do proxecto, preténdese obter unha visión clara e precisa do papel dos deberes escolares desde os últimos cursos de Primaria ata Bacharelato. Trátase, por tanto, de achegar evidencias científicas que permitan ser rigorosos ao falar das condicións nas cales os deberes escolares son ou non son beneficiosos para os estudantes. Deste xeito, estas contribucións derivadas do proxecto poderán ser de gran utilidade tanto para as diferentes administracións educativas como para os propios centros educativos, xa que lles van a ofrecer respostas máis claras ás numerosas controversias xeradas en torno á conveniencia ou non de prescribir deberes escolares. Ademais, posibilitará que os proxenitores podan ter uns criterios máis claros de cal debe ser o seu papel e como deben actuar cos seus

fillos cando realizan os deberes escolares.

O impacto social que se espera dos resultados do proxecto vai encamiñado a que as controversias e polémicas xeradas nos últimos anos no noso país sobre a conveniencia ou non de prescribir deberes escolares no só se clarifiquen e consigan chegar a consensos respecto ás vantaxes e inconvenientes dos deberes escolares, senón que estes puntos de acordo sexan, en boa medida, consecuencia das contribucións derivadas desta investigación.

O impacto internacional dos resultados do proxecto agárdase que se produza polo interese, actualidade e relevancia que ten esta temática nos diferentes países, co cal se considera unha prioridade a divulgación dos resultados do proxecto a través das principais vías de comunicación científica, tales como son a publicación de artigos en revistas de prestixio internacional así como a participación en congresos internacionais.

REFERENCIAS

- Cooper, H. M., Lindsay, J. J., Nye, B. A. e Greathouse, S. (1998). Relationships among attitudes about homework assigned and completed and student achievement. *Journal of Educational Psychology*, 90, 70-83
- Cooper, H. e Valentine, J. C. (2001). Using research to answer practical questions about homework. *Educational Psychologist*, 36, 143-153.
- De Jong, R., Westerhof, K. J. e Creemers, B. P. M. (2000). Homework and student math achievement in junior high schools. *Educational Research and Evaluation*, 6, 130-157
- Epstein, J. L. e Van Voorhis, F. L. (2001). More than minutes: Teachers' roles in designing homework. *Educational Psychology*, 36, 181-193.
- Hoover-Dempsey, K. V., Battiato, A. C., Walker, J. M. T., Reed, R. P., DeJong, J. M. e Jones, K. P. (2001). Parental involvement in homework. *Educational Psychologist*, 36(3), 195-209.
- Maas, C. J. M. e Hox, J. J. (2005). Sufficient sample sizes for multilevel modeling. *Methodology*, 1, 86-92.
- Muhlenbruck, L., Cooper, H., Nye, B. e Lindsay, J. J. (2000). Homework and achievement: explaining the different strengths of relation at the elementary and secondary school levels. *Social Psychology of Education*, 3, 295-317.
- Núñez, J. C., González-Pienda, J. A., González-Pumariiega, S, García, M. e Rocas, C. (1997). *Cuestionario para la Evaluación de Metas Académicas en Secundaria (CEMA-II)*. Departamento de Psicología. Universidad de Oviedo.
- Núñez, J. C., Suárez, N., Rosário, P., Vallejo, G., Cerezo, R. y Valle, A. (2014). Teachers' feedback on homework, homework-related behaviors and academic achievement. *The Journal of Educational Research*. <http://dx.doi.org/10.1080/00220671.2013.878298>.
- Núñez, J. C., Suárez, N., Cerezo, R., González-Pienda, J. A., Rosário, P., Mourão, R. e Valle, A. (2013). Homework and its relation to academic achievement across compulsory education. *Educational Psychology*. <http://dx.doi.org/10.1080/01443410.2013.817537>

EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Relación entre deberes escolares e rendemento académico: unha perspectiva multinivel e lonxitudinal

- Ryan, E. M. e Deci, E. L. (2000). Self-determination theory and the facilitation of motivation, social development, and well-being. *American Psychologist*, 55, 68-78.
- Rosário, P., Mourão, R., Núñez, J. C. e Solano, P. (2008). Homework and Self-Regulated Learning (SRL) at issue: findings and future trends. En A. Valle, J. C. Núñez, R. G. Cabanach, J. A. González-Pienda e S. Rodríguez (Eds.), *Handbook of instructional resources and their applications in the classroom* (pp. 123-134). Nueva York: Nova Science Publishers.
- Rosário, P., Mourão, R., Trigo, L., Suárez, N., Fernández, E. e Tuero-Herrero, E. (2011). Uso de diarios de tareas para casa en el inglés como lengua extranjera: evaluación de pros y contras en el aprendizaje autorregulado y rendimiento. *Psicothema*, 23(4), 881-887.
- Trautwein, U. (2007). The homework-achievement relation reconsidered: Differentiating homework time, homework frequency, and homework effort. *Learning and Instruction*, 17, 372-388.
- Trautwein, U. e Köller, O. (2003). The relationship between homework and achievement—still much of a mystery. *Educational Psychology Review*, 15, 116-145.
- Trautwein, U., Lüdtke, O., Kastens, C. e Köller, O. (2006). Effort on homework in grades 5 through 9: Development, motivational antecedents, and the association with effort on class-work. *Child Development*, 77, 1094-1111.
- Trautwein, U., Lüdtke, O., Schnyder, I. e Niggli, A. (2006). Predicting homework effort: Support for domain-specific, multilevel homework model. *Journal of Educational Psychology*, 98, 438-456.
- Trautwein, U., Niggli, A., Schnyder, I. e Lüdtke, O. (2009). Between-teacher differences in homework assignments and the development of students' homework effort, homework emotions, and achievement. *Journal of Educational Psychology*, 101, 176-189.
- Trautwein, U., Schnyder, I., Niggli, A., Neumann, M. e Lüdtke, O. (2009). Chameleon effects in homework research: The homework-achievement association depends on the measures used and the level of analysis chosen. *Contemporary Educational Psychology*, 34, 77-88.
- Valle, A., Pan, I., Núñez, J. C., Rosário, P., Rodríguez, S. e Regueiro, B. (en prensa). Deberes escolares y rendimiento académico en Educación Primaria. *Anales de Psicología*.
- Vallejo, G., Tuero, E., Núñez, J. C. e Rosário, P. (2014). Performance evaluation of recent information criteria for selecting multilevel models in behavioral and social sciences. *International Journal of Clinical and Health Psychology*, 14(1), 48-57.
- Walker, J. M. T., Hoover-Dempsey, K. V., Whetsel, D. R. e Green, C. L. (2004). *Parental involvement in homework: A review of current research and its implications for teacher, afterschool program staff, and parent leaders*. Cambridge, MA: Harvard Family Research. <http://www.gse.harvard.edu/hfrp/projects/fine/resources/homework.html>

Antonio Valle Arias

G.I. PED

*Departamento de Psicoloxía
Evolutiva e da Educación (PEE)*

Universidade de A Coruña

EXPERIENCIA EDUCATIVA

Coaching Educativo e Educación Emocional: un proxecto para o desenvolvemento de competencias socioemocionais en alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria. O caso dun grupo de 2º curso da ESO do IES Xulián Magariños de Negreira

INTRODUCCIÓN

O Proxecto para o Desenvolvemento de Competencias Socioemocionais en alumnado de ESO nace a partir dos presupostos teóricos dun Traballo Fin de Máster (TFM), dentro do marco formativo do Máster Universitario en Procesos de Formación, da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela no curso académico 2012/2013.

O devandito TFM, titulado *As Emocións e o Coaching Emocional. Proposta dunha Estratexia Metodolóxica para o Desenvolvemento da Competencia Emocional na Xuventude*, trata sobre as posibilidades de aplicación das ferramentas e estratexias do *coaching* en actuacións de educación emocional, enfocadas ao desenvolvemento da competencia emocional en alumnado da ESO.

Seguindo os principios metodolóxicos do *coaching*, deseñouse un programa de intervención para este nivel educativo, composto por catro proxectos-obradoiro, un para cada curso da ESO, adaptado ás características e ás necesidades desta etapa evolutiva (a adolescencia).

Esta experiencia relata a implementación dun deses proxectos-obradoiro, en concreto, o aplicado nun grupo de 2º curso da ESO do IES Xulián Magariños de Negreira, dende o Seminario de Emocionalidade, Xéneros e Desenvolvemento Humano (EXDEHU) do Instituto de Ciencias da Educación (ICE) da Universidade de Santiago de Compostela (USC), coordinado pola profesora María Xosé Méndez Lois (Grupo de Investigación GEFIL). Grazas á colaboración deste centro educativo, e coa mediación e intervención directa da súa orientadora, Begoña Cortés, chegouse á materialización deste traballo, iniciándose con el unha relación de colaboración entre o Seminario EXDEHU e o IES Xulián Magariños para a posta en marcha de diferentes actividades dirixidas ao desenvolvemento integral do alumnado en competencias socioemocionais.

Debemos agradecer á comunidade educativa do IES Xulián Magariños a oportunidade, en forma de espazos e tempos, para experimentar este Proxecto, especialmente a cada alumna e a cada alumno que participaron nesta experiencia, pola súa boa vontade, honestidade e confianza. Tamén debemos agradecer a Carme Martín Serantes (2013) a autorización para usar a imaxe identificadora do proxecto-obradoiro pertencente á súa obra. Carme é unha pintora e grabadora expresionista, afincada en Ferrol, formada en Belas Artes, e cun amplo percorrido profesional (exposicións, ilustracións, docencia...) que ve o mundo a toda cor.

Imaxe 1. Ilustración do Proxecto-Obradoiro para 2º da ESO titulada "Os meus camiños de cores, pese ás penas"



Fonte: Martín Serantes (2013)

PUNTO DE PARTIDA E DESENVOLVEMENTO

A emoción, ese resultado "x" fronte a un estímulo "i", endóxeno ou exógeno, que provoca unha resposta condutual "z", exerce unha fortísima influencia na vida humana. Esta afirmación é a que provoca a proposta deste proxecto para o desenvolvemento das competencias socioemocionais na xuventude, entendendo que a súa utilidade radica na aprendizaxe significativa de estratexias efectivas que permitan a xestión ou regulación satisfactoria das emocións.

O empoderamento sobre a influencia da emoción na motivación da conduta será chave para a toma de decisións e, consecuentemente, para a autorrealización e felicidade das persoas. As habilidades para coñecerse mellor, relacionarse eficazmente, con outra persoa ou con un/unha mesmo/a, de proxectarse en obxectivos realistas e coherentes, poderán adquirirse, do mesmo modo que se adquiren, por exemplo, a capacidade lectora ou escritora, a través dunha intervención educativa *ad hoc*, centrada, neste caso, nas competencias socioemocionais, como contido e obxectivo.

EXPERIENCIA EDUCATIVA

Coaching Educativo e Educación Emocional: un proxecto para o desenvolvemento de competencias socioemocionais en alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria. Ocaso dun grupo de 2º curso da ESO do IES Xulián Magariños de Negreira

A emocionalidade humana é a calidade máis necesitada de adestramento e formación por quedar a máis esquecida dentro de case todos os procesos educativos (formais, non formais e informais) aínda sendo un elemento tan relevante para a felicidade das persoas.

Deste xeito, seguindo o obxectivo proposto por Álvarez González (2001, p. 47), quen di que “a finalidade dos programas de educación emocional é o desenvolvemento humano”, focalizáronse todas as actuacións deste Proxecto na aprendizaxe de como xestionar e regular as emocións, positivas e negativas, tendo en conta os seus efectos sobre a saúde física e mental e, consecuentemente, sobre o benestar persoal e social.

O Proxecto desenvolveuse en cinco sesións, de 50 minutos de duración cada unha, no horario de titoría do grupo, entendendo a intervención como parte da acción titorial, a través dunha metodoloxía de carácter grupal, dinámica, activa e participativa, baseada nalgúns das ferramentas e principios do *coaching* educativo; en concreto:

- Na toma de conciencia sobre un/unha mesmo/a e sobre o noso propio mapa¹, en relación aos mapas das demais persoas. Non existen mapas máis verdadeiros que outros, so algúns máis adaptativos.
- Na responsabilidade e vontade para implicarse nas actividades e conseguir así acadar os obxectivos.
- Na reflexión dialóxica e a pregunta poderosa, como elementos orientadores de toda a acción.

Dende o enfoque deste Proxecto, sendo a finalidade última unha xestión saudable das emocións, asúmese que todas as emocións son igual de importantes; así, non existen emocións “boas” e emocións “malas”, todas serán susceptibles de análise, comprensión, aceptación e xestión. Isto significa que haberá que ter presente, e facer explícito, o sistema de valores predominante, como elemento para o cuestionamento e a comprensión das condutas.

RESULTADOS E CONCLUSIÓNS

Durante a implementación do Proxecto, e ao finalizalo, recompiláronse datos e informacións relativas á percepción das persoas participantes no mesmo a través de conversas informais, da observación participante e non participante, e doutros instrumentos para a avaliación da satisfacción e tamén dos cambios no fluxo emocional.

¹ Enténdese como “mapa” o conxunto de crenzas, símbolos e pensamentos a través dos cales procesamos toda a información e interpretamos o mundo que nos rodea.

A maioría do alumnado participante valorou o obradoiro como moi divertido, útil, fácil, necesario, participativo e relaxante; e comentaron que lles fixera aprender cousas como (frases textuais): “valorarme máis a min mesma, dar as grazas e perdoar”; “que podemos entre dous ou máis axudarnos e poder divertirnos facéndo”; “a apreciar o que teño, reflexionei e aprendín a mostrar máis o que sinto e a relacionarme con meus pais (familia)”; “que a todas as persoas lles fai falta sentirse valoradas”.

Ademais, indicaron que as actividades que lles resultaron de maior utilidade e interese foron as de relaxación e expresión e recepción de afectos e mensaxes positivas.

No desenvolvemento do obradoiro a maioría dos rapaces e rapazas afirmaron sentirse moi cómodos/as, a gusto, tranquilos/as, contentos/as e seguros/as, satisfeitos/as, entusiasmados/as, interesados/as e relaxados/as.

Algúns dos comentarios recollidos, en relación a elementos destacados polos/as participantes, foron: “paseino moi ben facendo estas actividades”; “foi moi interesante”; “as cousas que aprendín”... E, como suxestión xeneralizada, recolleuse a petición de que o obradoiro tivese unha duración maior e que se repita, tanto para eles/as como para outros grupos en cursos vindeiros.

Con todo isto, a pertinencia e necesidade de introducir, no contexto educativo local, iniciativas de educación emocional que potencien o desenvolvemento integral real da xuventude parece demostrada. A sensación, despois desta vivencia, é que ten todo o sentido do mundo incluír esta nova corrente metodolóxica (o *coaching* educativo) e de contidos (o socioemocional) de maneira explícita nas aulas, aínda que a lexislación educativa siga a dar prioridade aos contidos científico-técnicos sobre o emocional e/ou social. Sobre todo, no momento presente que estamos a vivir, baixo unha sensación social predominante de inxustiza e desigualdade, parece que ten chegado a hora de deixar de ter que elixir entre o “saber” e o “sentir”.

Este Proxecto de educación emocional aspira a ser unha oportunidade de experiencia educativa que debe ser descuberta, interpretada, reconstruída, sentida e vivida, con honestidade e optimismo, dende ás particularidades do seu contexto de aplicación e das persoas que forman parte da mesma. Unha experiencia para coñecer e interiorizar a riqueza da emocionalidade, dende unha perspectiva pragmática, realista e liberadora, que acompañe ao alumnado no seu autoconhecimento, buscando a súa implicación e promovendo o desenvolvemento de estratexias que contribúan ao impulso do seu benestar.

EXPERIENCIA EDUCATIVA

Coaching Educativo e Educación Emocional: un proxecto para o desenvolvemento de competencias socioemocionais en alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria. Ocaso dun grupo de 2º curso da ESO do IES Xulián Magariños de Negreira

REFERENCIAS

Álvarez González, M. (Coord.) (2001). *Diseño y Evaluación de Programas de Educación Emocional*. Barcelona: Cisspraxis.

Martín Serantes, C. (2013). *Ilustraciones personales y profesionales*. Recuperado de <https://www.facebook.com/carmova> (uso autorizado).

Begoña Cortés Ferreiro

IES Xulián Magariños de Negreira

María Xosé Méndez Lois

GI-GEFIL da Universidade de Santiago de Compostela

Seminario Permanente de Emocionalidade, Xéneros e Desenvolvemento Humano (EXDEHU)

Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela

Aixa Permuy Martínez

Seminario Permanente de Emocionalidade, Xéneros e Desenvolvemento Humano (EXDEHU)

Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela

ACCIÓNS DA REDE RIES

PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

RELACIÓN ENTRE DEBERES ESCOLARES E RENDEMENTO ACADÉMICO: UNHA PERSPECTIVA MULTINIVEL E LONXITUDINAL

Proxecto de investigación financiado polo Ministerio de Economía e Competitividade. Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2013-2016 (Programa Estatal de Fomento da Investigación Científica e Técnica de Excelencia, Subprograma Estatal de Xeración do Coñecemento).

Investigador Principal: Antonio Valle Arias

Institucións participantes: MINECO e UDC

Duración: 05/11/2014 a 05/11/2017

CURSOS, CONGRESOS, SEMINARIOS E XORNADAS

A XESTIÓN SOCIO-EDUCATIVA DA INMIGRACIÓN NO ÁMBITO LOCAL: BALANCE E PERSPECTIVAS

Santiago de Compostela, 7-8 de novembro de 2014



O Grupo ESCULCA, en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias, organizou na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela un curso básico dirixido a distintos colectivos do ámbito educativo no que se abordaron os seguintes contidos:

- Lectura da inmigración en Galicia desde as coordenadas sociais actuais.
- Os departamentos de Educación ante a xestión da inmigración na administración local.
- Os Servizos Sociais ante a xestión da inmigración na administración local.
- A atención educativa á inmigración: a integración escolar e social.
- Inmigración e mediación.

A XESTIÓN SOCIO-EDUCATIVA DA INMIGRACIÓN NO ÁMBITO LOCAL: A EDUCACIÓN FAMILIAR

Santiago de Compostela, 21-22 de novembro de 2014

O Grupo ESCULCA, en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias, organizou na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela un curso básico dirixido a distintos colectivos do ámbito educativo no que se abordaron os seguintes contidos:



- A Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local: Servizos Sociais e inmigración.
- A avaliación dos Servizos Sociais: mellora da calidade no Programa de Educación Familiar.
- Ferramentas básicas de traballo na Educación Familiar.
- Fortalezas e debilidades do Programa de Educación Familiar en Galicia na atención á inmigración.
- As familias da inmigración en Galicia: integración e desenvolvemento educativo.
- Adolescencia, familia e inmigración: educación e procesos de aculturación.

ACCIÓNS DA REDE RIES

VIII SEMINARIO NACIONAL DE ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO INMIGRANTE. EXPERIENCIA E INNOVACIÓN. EDUCACIÓN, DIVERSIDADE CULTURAL E PLURALISMO RELIXIOSO



Santiago de Compostela, 12-13 de decembro de 2014

Seminario de formación organizado por el Grupo de Investigación ESCULCA en colaboración coa Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, celebrado na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela.

CONFERENCIA DO DR. JUN ONISHI ORGANIZADA POLO G.I. GRAMÁTICA DO ESPAÑOL N A FACULTADE DE FILOLOXÍA DA USC

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2014

O Dr. Jun Onishi impartiu na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela unha conferencia sobre resolución de conflitos desde unha perspectiva intercultural, con especial referencia ao ámbito laboral, organizada polo Grupo Gramática do Español en colaboración coa Rede RIES.

COMO PERDER O MEDO ESCÉNICO A FALAR EN PÚBLICO

Pontevedra, 22 de xaneiro de 2015

O Grupo de Investigación GIES da Universidade de Vigo, membro da Rede RIES, organizou na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra un obradoiro para vencer o medo escénico, co obxectivo de aprender a controlar a ansiedade, a angustia e a desazón que o provoca.

SIMPOSIO INTERNACIONAL DE PESQUISA INVESTIGATIVA

Goiânia, 9-10 de febreiro de 2015

O Instituto Federal de Goiás (IFG) organizou, no Campus de Goiânia, un simposio no que participou coa Conferencia de Apertura o Prof. Dr. Miguel A. Santos Rego, catedrático e coordinador do convenio entre a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e o IFG, co tema *A Universidade de Santiago de Compostela como marco científico para un doutorado en educación*. No evento, tamén participou como relatora a coordinadora do Programa de Doutoramento en Educación da USC, a Profa. Dra. Mar Lorenzo Moledo, nunha mesa redonda titulada *Aspectos técnicos, administrativos e académicos vinculados ao Programa de Doutoramento en Educación no convenio IFG/USC*.

O obxectivo principal do simposio era, por un lado, a discusión de temáticas relevantes para a investigación en educación e, por outro, ofrecer aos asistentes información sobre o Programa de Doutoramento en Educación da USC que se oferta por medio do convenio entre ambas universidades.

ACCIÓNS DA REDE RIES

SIMPOSIO INTERNACIONAL PROGRAMA DE PÓS-GRADUAÇÃO EM EDUCAÇÃO PARA CIÊNCIAS E MATEMÁTICA

Jataí, 11-12 de febreiro de 2015

O Instituto Federal de Goiás (IFG) organizou, no Campus de Jataí, un simposio no que participou como relator o Prof. Dr. Miguel A. Santos Rego con tema *Formar profesores para un mundo cosmopolita: educación e competitividade*. Tamén a Profa. Dra. Mar Lorenzo Moledo participou no evento co relatorio *A aprendizaxe cooperativa e a optimización do rendimento académico en Ciencias e Matemáticas*.

No simposio analizáronse as posibles vías de traballo entre o Programa de Pós-Graduação em Educação para Ciências e Matemática do IFG e o Programa de Doutorado en Educación de la USC, coa finalidade de desenvolver liñas de investigación na área de educación.

SESIÓN CIENTÍFICA SOBRE "OS DEBERES ESCOLARES A DEBATE"

A Coruña, 18 de febreiro de 2015

O Grupo GIPED, membro da Rede RIES, organizou na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de A Coruña unha sesión científica sobre "Os deberes escolares a debate", na que participaron o Prof. Dr. José Carlos Núñez Pérez (Catedrático de Psicoloxía Evolutiva e da Educación da Universidade de Oviedo), o Prof. Pedro Rosário (Profesor Titular de Psicoloxía da Educación da Universidade de Minho) e os membros do Grupo de Investigación en Psicoloxía Educativa (GIPED) da UDC.

SEMINARIOS DE INVESTIGACIÓN ORGANIZADOS POLO GRUPO GIPED DA UNIVERSIDADE DE A CORUÑA

A Coruña, 19-20 de febreiro de 2015

O Grupo de Investigación en Psicoloxía Educativa (GIPED) da UDC organizou na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de A Coruña dous seminarios de investigación cos seguintes títulos:

- Aplicacións da análise de varianza e de regresión á investigación en psicoloxía e educación.
- Os modelos causais na investigación educativa.

Estes seminarios foron impartidos polo Prof. Dr. José Carlos Núñez Pérez, Catedrático de Psicoloxía Evolutiva e da Educación e Director do Departamento de Psicoloxía da Universidade de Oviedo.

NOVA EDICIÓN DO CICLO DE DEBATES "CHOIVA DE IDEAS"

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2015

O ciclo de debates "Choiva de Ideas" comezou a súa segunda edición coa xornada 'Aprendamos a poñer límites', na que se afondou nas maneiras máis adecuadas para que pais e nais poñan regras e límites aos seus fillos e fillas, garantindo que medren no respecto aos demais e coñecendo o que está ben e mal.

Con esta primeira sesión, de carácter gratuíto e prazas limitadas, a Unidade de Atención Temperá retoma un ciclo de debates que arrancou o ano pasado e no que se trataron temas como as adopcións internacionais, os nenos roubados ou a nutrición infantil.



REGRESIÓN E INTERPRETACIÓN DE ANÁLISES ESTADÍSTICOS

Pontevedra, 27 de febreiro de 2015

O Prof. Antonio López Castedo, membro do Grupo de Investigación GIES da Universidade de Vigo, da Rede RIES, organizou na aula de informática da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra un seminario de análise de datos titulado "Regresión e Interpretación de Análises Estatísticas".

PRÓXIMAS ACCIÓNS DA REDE RIES

CURSOS, CONGRESOS E SEMINARIOS

I SEMINARIO "APRENDIZAXE-SERVIZO NA ENSINANZA NON UNIVERSITARIA: O VALOR DA EXPERIENCIA"

Santiago de Compostela, 15-17 de abril de 2015

Curso de formación organizado polo Grupo de Investigación ESCULCA en colaboración coa Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que se celebrará na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela. Contará con 50 prazas destinadas a mestres/as de educación infantil, primaria e secundaria.

Máis información: <http://www.usc.es/esculca/>

I SIMPOSIO INTERNACIONAL "APRENDIZAXE-SERVIZO NA EDUCACIÓN SUPERIOR: INNOVACIÓN, CALIDADE E INSTITUCIONALIZACIÓN"

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2015

A Rede de Excelencia Universidade, Innovación e Aprendizaxe na Sociedade do Coñecemento (MEC), que coordina o GI ESCULCA, organiza o I Simposio Internacional "Aprendizaxe-Servizo na Educación Superior: Innovación, Calidade e Institucionalización" que terá lugar na EGAP, destinado a profesorado das tres universidades do Sistema Universitario de Galicia. O evento conta co patrocinio da Escola Galega de Administración Pública e a colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

Máis información: <http://www.usc.es/esculca/>

IV CONGRESO INTERNACIONAL DE ATENCIÓN TEMPERÁ E EDUCACIÓN FAMILIAR

Santiago de Compostela, 10-12 de setembro de 2015



IV Congreso Internacional de Atención Temperá e Educación Familiar

Santiago de Compostela. 10, 11, 12 de setembro de 2015

A Asociación Galega para a Docencia e a Investigación do Atraso Mental (A.Ga.D.I.R.) e o Grupo de Investigación ESCULCA organizan o IV Congreso Internacional de Atención Temperá e Educación Familiar (Ciatef), no que se darán cita prestixiosos investigadores de todo o mundo do campo da atención temperá e a intervención dos trastornos no desenvolvemento e da educación en contextos familiares. Estamos vivindo un cambio de época, do que a familia, e tamén a escola, son claros expoñentes. E este Congreso quere servir de marco privilexiado para definir problemas, apurar bos diagnósticos e seguir explorando ideas e actuacións nas que apoiar os mellores augurios.

Máis información: <http://www.usc.es/congresos/ciatef15/>

REUNIÓN DE TRABALLO E VISITAS CIENTÍFICAS

2ª REUNIÓN INTERNACIONAL DO PROXECTO ERASMUS+ "GUIDE MY WAY"

Santiago de Compostela, 20-21 de maio de 2015

Proxecto de investigación que se enmarca no Programa Erasmus+, concretamente no Subprograma Leonardo Da Vinci, coordinado pola Hochschule der Bundesagentur für Arbeit (HdBA). O enfoque principal desta iniciativa radica no desenvolvemento dun concepto europeo de orientación (EGCC), que se adapta á mobilidade internacional dos mozos e novos profesionais.

Socios: Alemaña (HdBA+Loh+EURES), Polonia (Jan Dlugosz University+EURES), Romanía (ProWeb Design+EURES), España (Universidade de Santiago de Compostela+EURES), Alemaña (Kohnle-virtual classroom+Bett -e- Counselling), República Checa (WEBS+EURES).

PRÓXIMOS CONGRESOS

CONGRESO INTERNACIONAL OBSERVAL 2015. CUALIFICACIÓN PROFESIONALES E ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS

Valladolid, 8-10 de abril de 2015



**CONGRESO INTERNACIONAL
OBSERVAL 2015**
CUALIFICACIONES PROFESIONALES
Y ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS

OBSERVAL 2015 impulsará os procesos de cualificación profesional e o recoñecemento das aprendizaxes e as competencias adquiridas pola experiencia, a partir da análise do contexto e momento actuais.

Máis información: <http://www.observal.es/congreso/>

XXIII XORNADAS UNIVERSITARIAS DE TECNOLOXÍA EDUCATIVA (JUTE)

Badaxoz, 11-12 de xuño de 2015

Durante os días 11 e 12 de xuño de 2015 celebraranse en Badaxoz as XXIII Xornadas Universitarias de Tecnoloxía Educativa (JUTE), organizadas pola Rede Universitaria de Tecnoloxía Educativa (RUTE) e co lema "A formación universitaria en Tecnoloxía Educativa: enfoques, perspectivas e innovación".

Máis información:

http://eventos.unex.es/event_detail/1738/detail/jute-2015.html

1ST INTERNATIONAL CONFERENCE ON HIGHER EDUCATION ADVANCES

Valencia, 24-26 de xuño de 2015



As tecnoloxías da información e a comunicación xunto cos novos paradigmas da ensinanza están transformando o contorno de aprendizaxe. O obxectivo desta 1ª Conferencia Internacional sobre Avances na Educación Superior é converterse nun foro para investigadores e profesionais da práctica para intercambiar ideas, experiencias, opinións e resultados de investigación relacionados coa formación de estudantes e a organización de sistemas educativos.

Máis información: <http://www.headconf.org/>

ERNAPE-ARCTIC

Tromsø, 26-28 de agosto de 2015



ERNAPE e a Universidade de Tromsø - Universidade do Ártico de Noruega invitan a todos os investigadores interesados a presentar propostas para ERNAPE-ARCTIC, a súa 10ª Conferencia bianual.

Máis información: <http://site.uit.no/ernapearctic/>

PRÓXIMOS CONGRESOS

XIII CONGRESO INTERNACIONAL GALEGO-PORTUGUÉS DE PSICOPEDAGOGÍA

A Coruña, 2-4 de setembro de 2015

En setembro de 2015 terá lugar o Congreso Internacional Galego-Portugués de Psicopedagogía, organizado de acordo ao protocolo de colaboración entre as Universidades de Minho e A Coruña.

É un Congreso aberto a todos os profesionais de diferentes ámbitos e niveles de ensinanza e aprendizaxe en contextos educativos, así como a alumnos e alumnas das universidades de todo o Estado español e Portugal.

Máis información: <http://congresopsicopedagogia.udc.es/>



COOPERATIVE LEARNING CONFERENCE 2015

Odense, 1-3 de outubro de 2015

A Conferencia de Aprendizaxe Cooperativa: fronte aos retos do século XXI, organizada pola University College Lillebaelt en colaboración coa Asociación Internacional para o Estudo da Cooperación en Educación (IASCE), desenvolverase en Odense do 1 ao 3 de outubro de 2015. Este evento internacional está dirixido a académicos, educadores de calquera nivel, responsables políticos e persoas interesadas na aprendizaxe cooperativa.

Máis información: <http://iasce2015.ucl.dk/>

NOVIDADES EDITORIAIS

Baqueró Alós, M. e Majó Masferrer, F. (2014). *8 ideas clave. Los proyectos interdisciplinarios*. Barcelona: Graó.



Escarbajal Frutos, A. (2015). *Comunidades interculturales y Democráticas. Un trabajo colaborativo para una sociedad inclusiva*. Madrid: Narcea.



González Barrón, R. e Villanueva Badenes, L. (Coords.) (2014). *Recursos para educar en emociones. De la teoría a la acción*. Madrid: Pirámide.



Briascó, I. (2014). *El desafío de emprender en el siglo XXI. Herramientas para desarrollar la competencia emprendedora*. Madrid: Narcea.



Fantova Azcoaga, F. (2014). *Diseño de políticas sociales. Fundamentos, estructura y propuestas*. Madrid: CCS Editorial.



González Rivera, M^a D. e Campos Izquierdo, A. (2014). *Intervención docente en Educación Física en Secundaria y en el deporte escolar*. Madrid: Síntesis.



Díez Gutiérrez, E., Guamán, A., Ferrer Llop, J. e Jorge Alonso, A. (2014). *¿Qué hacemos con la universidad?* Madrid: Akal.



Gavino Lázaro, A., Nogueira, R. e Godoy, A. (2014). *Tratamiento del TOC en niños y adolescentes*. Madrid: Pirámide.



Guerrero López, J. F., Báscones Márquez, M. e Pérez Galán, R. (Coords.) (2014). *El lado oculto del TDAH en la edad adulta. Una propuesta inclusiva desde lo profesional y la experiencia*. Málaga: Aljibe.



NOVIDADES EDITORIAIS

Intxausti, M^a J. (2014). *La entrevista: construir la relación con las familias (0-6). Reflexiones y experiencias*. Barcelona: Graó.



Martín García, A. V. (Coord.) (2014). *Blended Learning en Educación Superior. Perspectivas de innovación y cambio*. Madrid: Síntesis.




Rivas Flores, J. I., Leite Méndez, A. E. e Prados Mejías, E. (Coords.) (2014). *Profesorado, escuela y diversidad. La realidad educativa desde una mirada narrativa*. Málaga: Aljibe.



Jiménez Gómez, R. A. e Goenechea Permisán, C. (2014). *Educación para una ciudadanía intercultural*. Madrid: Síntesis.



Martín Solbes, V. M., Castilla Mesa, M^a T. e Vila Merino, E. S. (Coords.) (2014). *Educación es convivir. Ciudadanía, Interculturalidad y cultura de paz*. Málaga: Aljibe.



Rodríguez Martínez, S., Valle, A. e Núñez, J. C. (2014). *Enseñar a aprender. Estrategias, actividades y recursos instruccionales*. Madrid: Pirámide.



López Rupérez, F. (2014). *Fortalecer la profesión docente. Un desafío crucial*. Madrid: Narcea.



Negro, A. e Torrego, J. C. (Coords.) (2014). *8 ideas clave. La tutoría en los centros educativos*. Barcelona: Graó.



Vila Merino, E. S., Martín Solbes, V. M., Castilla Mesa, M^a T. e Sierra Nieto, J. E. (2015). *Ética, educación y convivencia. Fundamentos teórico-prácticos*. Málaga: Aljibe.



NOVIDADES LEGISLATIVAS

Ofrecemos as novidades referentes á lexislación educativa aparecidas nos últimos meses, tanto a nivel nacional como autonómico galego. Pódese realizar esta consulta de modo máis extenso e seguir as novidades lexislativas na web da Rede RIES:

http://redries.usc.es/index.php?option=com_content&view=article&id=42&Itemid=38

BOE

Resolución do 26 de novembro de 2014, da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora, pola que se publican os criterios específicos aprobados para cada un dos campos de avaliación. BOE Núm. 290 Luns, 1 de decembro de 2014 Páx. 98204-98219.

<https://www.boe.es/boe/dias/2014/12/01/pdfs/BOE-A-2014-12482.pdf>

Resolución do 1 de decembro de 2014, da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se fixa o procedemento e prazo de presentación de solicitudes de avaliación da actividade investigadora á Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora. BOE Núm. 292 Mércores, 3 de decembro de 2014 Páx. 99722-99727.

<https://www.boe.es/boe/dias/2014/12/03/pdfs/BOE-A-2014-12580.pdf>

Resolución do 26 de novembro de 2014, da Dirección Xeral de Avaliación e Formación Profesional, pola que se publica o currículo da área Ensinanza Relixión Islámica da Educación Primaria. BOE Núm. 299 Xoves, 11 de decembro de 2014 Páx. 101207-101233.

<https://www.boe.es/boe/dias/2014/12/11/pdfs/BOE-A-2014-12886.pdf>

Corrección de erros da Resolución do 26 de novembro de 2014, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, pola que se publica o currículo da área Ensinanza Relixión Islámica da Educación Primaria. BOE Núm. 306 Venres, 19 de decembro de 2014 Páx. 103154.

<https://www.boe.es/boe/dias/2014/12/19/pdfs/BOE-A-2014-13182.pdf>

Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato. BOE Núm. 3 Sábado, 3 de xaneiro de 2015 Páx. 169-546.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/01/03/pdfs/BOE-A-2015-37.pdf>

Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. BOE Núm. 25 Xoves, 29 de xaneiro de 2015 Páx. 6986-7003.

<http://www.boe.es/boe/dias/2015/01/29/pdfs/BOE-A-2015-738.pdf>

Real Decreto 43/2015, do 2 de febreiro, polo que se modifica o Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, e o Real Decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutorado. BOE Núm. 29 Martes, 3 de febreiro de 2015 Páx. 8088-8091.

<http://www.boe.es/boe/dias/2015/02/03/pdfs/BOE-A-2015-943.pdf>

Real Decreto 21/2015, do 23 de xaneiro, polo que se modifica o Real Decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de

Educación. BOE Núm. 33 Sábado, 7 de febreiro de 2015 Páx. 10319-10324.

<http://www.boe.es/boe/dias/2015/02/07/pdfs/BOE-A-2015-1157.pdf>

Real Decreto 22/2015, do 23 de xaneiro, polo que se establecen os requisitos de expedición do Suplemento Europeo aos títulos regulados no Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais e se modifica o Real Decreto 1027/2011, do 15 de xullo, polo que se establece o Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior. BOE Núm. 33 Sábado, 7 de febreiro de 2015 Páx. 10325-10336.

<http://www.boe.es/boe/dias/2015/02/07/pdfs/BOE-A-2015-1158.pdf>

Instrumento de ratificación do Convenio Europeo sobre o Exercicio dos Dereitos dos Nenos, feito en Estrasburgo o 25 de xaneiro de 1996. BOE Núm. 45 Sábado, 21 de febreiro de 2015 Páx. 14174-14189.

<http://www.boe.es/boe/dias/2015/02/21/pdfs/BOE-A-2015-1752.pdf>

Resolución do 4 de febreiro de 2015, da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se publica o Convenio de colaboración coa Comunidade Autónoma de Galicia, polo que se articula o financiamento por parte do Ministerio e o cofinanciamento por parte do Fondo Social Europeo da implantación de Formación Profesional Básica e da anticipación da elección e novos itinerarios nos cursos 3º e 4º da Educación Secundaria Obrigatoria, introducidas pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. BOE Núm. 46 Luns, 23 de febreiro de 2015 Páx. 15637-15645.

NOVIDADES LEXISLATIVAS

<http://www.boe.es/boe/dias/2015/02/23/pdfs/BOE-A-2015-1824.pdf>

DOG

Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade. DOG Núm. 241 Mércores, 17 de decembro de 2014 Páx. 51357-51408.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20141217/AnuncioC3B0-111214-0001_gl.pdf

Resolución do 17 de decembro de 2014 pola que se modifica a Resolución do 10 de maio de 2012 pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación e de clasificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG Núm. 4 Xoves, 8 de xaneiro de 2015 Páx. 698-735.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150108/AnuncioG0164-231214-0003_gl.pdf

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. DOG Núm. 17 Martes, 27 de xaneiro de 2015 Páx. 3885-3935.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150127/AnuncioG0164-220115-0001_gl.pdf

ORDE do 28 de xaneiro de 2015 pola que se modifica a Orde do 14 de agosto de 2014 pola que se regulan o acceso e a admisión aos ciclos de formación profesional básica e se autoriza a súa oferta para o curso 2014/15. DOG Núm. 23 Mércores, 4 de febreiro de 2015 Páx. 5026-5027.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150204/AnuncioG0164-290115-0003_gl.pdf

COORDINADOR DA REDE RIES

Dr. Miguel A. Santos Rego

GRUPOS DE INVESTIGACIÓN**G.I. 1790 ESCOLA-CULTURA (ESCALCA)**

Dir. Miguel Anxo Santos Rego

G.I. 1877 GRUPO GALEGO DE ESTUDOS PARA A FORMACIÓN E INSERCIÓN LABORAL (GEFIL)

Dir. Antonio Rial Sánchez

G.I. 1468 DIAGNÓSTICO E ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL (DIOEP)

Dir. Elena Fernández Rey

G.I. 1438 TECNOLOXÍA EDUCATIVA (TEC_EDUC)

Dir. Beatriz Cebreiro López

G.I. 1372 GRAMÁTICA DO ESPAÑOL (GRAMÁTICA)

Dir. María Teresa Díaz García

G.I. DE3 GRUPO DE INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN, ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE (GIES)

Dir. Margarita Pino Juste

G.I. EN PSICOLOXÍA EDUCATIVA (PED)

Dir. Antonio Valle Álvarez

**Contacto:**

Facultade de Ciencias da Educación

Despacho 28 (Módulo A)

Campus Vida

15782 Santiago de Compostela (A Coruña)

<http://redries.usc.es>rederies@gmail.com

Teléfono: 881 813 890

EQUIPO DE REDACCIÓN

- Carmela Cambeiro Lourido (Coord.)
- Jesús García Álvarez
- Ánxela Murillo Casas
- Ainhoa Rodríguez Fernández

Xa estamos traballando en ...

- IV Congreso Internacional de Atención Temprá e Educación Familiar
- Curso de Verán "Os 25 anos da Convención dos Dereitos dos Nenos e as Nenas: análise da situación socioeducativa da Infancia"
- Curso de Verán "XI Novas fronteiras na igualdade de oportunidades 2.0: violencias, coeducación e axentes de socialización"
- Curso de Verán "II Xornadas de *coaching* educativo: estratexias e ferramentas para a educación"